



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES Ramón Caamaño

Rúa Manuel Lastres 33
15124 Muxía (Santa María)
■ 881880775 ➡ 881880776
ies.ramon.caamano@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iesramoncaamano>



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
"O FSE inviste no teu futuro"

Estimada familia:

Informámoslos de que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicou a convocatoria do fondo solidario de libros de texto e axudas para libros de texto e material escolar para o curso 2017-2018.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES (Anexo I)

- Deberán presentarse presencialmente no centro docente ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
- A solicitude será única para todos os fillos que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 2017/2018, e nela especificarase o nivel de estudos que espera realizar cada un deles no dito curso.
- O prazo para presentar solicitudes iniciárase o día 23 de maio e rematará o día 23 de xuño (este incluído).
- As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento (ver anexo I).

DEVOLUCIÓN DOS LIBROS DE TEXTO DO CURSO 2016/17

- É necesario devolver en bo estado os libros de texto e o material reutilizable adquirido coas axudas para libros de texto ou recibido do fondo solidario no curso 2016/17. A data para devolvelos será o día 23 de xuño de 2017, agás para o alumnado de ESO que teña algunha materia pendente, que poderá quedarse co libro correspondente ata que se examine e, como máximo, ata o 7 de setembro de 2017.

A falta de devolución será causa de exclusión da participación no fondo solidario e das axudas para adquirir libros de texto e material escolar no curso 2017/2018.

<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/22211>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesramoncaamano/>

Muxía, 24 de maio de 2017

A directora

Margarita Tobío Recarey